



O goberno de coalición PsdeG-PSOE – BNG constituído no concello de Lugo para o mandato 2011-2015 ten como obxectivo primordial a colaboración institucional na defensa do benestar social dos veciños e veciñas do concello e na superación da actual situación económica.

O goberno de coalición desenvolverá un programa conxunto centrado na optimización dos recursos do concello no camiño de mellorar a prestación dos servizos e o recorte do gasto. Con esta finalidade aplicaranse medidas tendentes a prestar servizos de calidade, a fomentar o emprego e a reducir o gasto. A mellora enerxética das instalacións e infraestruturas municipais, a inspección permanente de todos os servizos que non presta directamente o concello e a optimización do traballo desenvolto por todo o persoal ao servizo da institución serán obxectivos preferentes.

Neste camiño o programa desenvolverase baixo as seguintes

LIÑAS PROGRAMÁTICAS DE GOBERNO 2011 - 2015

SERVIZOS PÚBLICOS

1. Impulso dos servizos públicos e estudo das cláusulas dos servizos que actualmente están xestionados por empresas, para velar polo seu cumprimento.
2. Aumentar a supervisión das concesións municipais, coa finalidade de adoptar as medidas oportunas que garantan o servizo óptimo aos cidadáns.

BENESTAR SOCIAL

3. O concello impulsará políticas avanzadas e de calidade no benestar e nos servizos sociais, baixo os criterios básicos de fomento da participación cidadá, articulación comunitaria e igualdade de oportunidades.
4. Potenciar a actividade de Consello Municipal de Servizos Sociais.
5. Reorganización dos servizos sociais, reforzando os de atención primaria.

6. Impulsar a creación dun novo centro social para o distrito de Lamas de Prado, buscando a colaboración doutras administracións.
7. Promover coa Xunta de Galicia a construción dun novo centro de saúde no Sagrado Corazón.
8. Promover, coa Xunta de Galicia, a construción de CEIPs no Sagrado Corazón e no ámbito do casco histórico, así como a defensa do mantemento do CEIP Anexa.
9. Impulsar e ampliar, xunto con outras institucións, a Unidade de rúa , así como os mecanismos de loita contra a pobreza e exclusión social. Transformación do actual Fogar do Transeúnte en Centro de Emerxencia Social.
10. Valorarase a presenza de persoas con diversidade funcional -distinguindo entre as físicas e psíquicas- nunha porcentaxe superior á establecida por lei, para a contratación de empresas que concorran á adxudicación de equipamentos e servizos municipais, especialmente na área de benestar.
11. Reclamar do SERGAS os servizos comprometidos nas instalacións do antigo Hospital Xeral e a creación dun Centro para Asistencia Sociosanitaria dotado de prazas de residencia, actualmente insuficientes, e un hospital de maiores destinado a persoas que unha vez dadas de alta da súa enfermidade e que non requiran dunha hospitalización, poidan permanecer nesa unidade un tempo mentres non arranxen a súa situación socio-familiar.

IGUALDADE

12. Impulsar a transformación do Foro de Igualdade nun órgano, con carácter consultivo e de interlocución coa administración local, tendente a que se incorpore realmente a perspectiva de xénero nas políticas locais e se desenvolvan políticas transversais dirixidas especialmente a atinxir o obxectivo da igualdade.

PROMOCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO. CREACIÓN DE EMPREGO E LOITA CONTRA A CRISE ECONÓMICA.

13. Posta en marcha dun Plan de Aluguer de naves nas zonas industriais da cidade.
14. Ampliar os ámbitos de actuación do Centro Municipal de Empresas e Innovación (CEI) de Garabolos para optimizar o servizo que presta aos emprendedores lucenses e aos mozos e mozas que queiran iniciar a súa actividade empresarial. Crear un Departamento de Desenvolvemento Rural que impulse a diversificación e a creación de pequenas empresas de transformación agro-gandeira e o aproveitamento dos montes veciñais en man común para rendibilizar o importante potencial que neste eido teñen as 54 parroquias rurais do concello de Lugo.

15. Poñer en marcha un modelo tributario máis xusto e progresivo no que os cidadáns paguen os seus impostos e as taxas de acceso aos servizos públicos en función dos seus ingresos.
16. Potenciar o Servizo Municipal de Recadación con capacidade de inspección tributaria, que mellore o cobro e reduza a fraude e os impagos.
17. Potenciar o turismo como elemento fundamental de dinamización económica e de creación de emprego.
18. Propoñemos demandar da Xunta a delimitación do Camiño Primitivo así como a recuperación, a posto en valor e a difusión do mesmo.
19. Impulsar o Mercado e a Praza de Abastos con novos servizos como o reparto a domicilio, a creación dunha marca propia para os seus produtos ou a creación dunha plataforma para a venda on-line, para converter a Praza en motor do comercio no centro da cidade.
20. Proseguir a colaboración e integración da Universidade na cidade, no camiño de:
 - a. Dotar ao Concello de asesoramento profesional en todos aqueles ámbitos nos que poida colaborar a Universidade.
 - b. Elaborar proxectos conxuntos sobre problemáticas locais tentando acadar unha integración social e económica o máis ampla posible.
 - c. Favorecer e incentivar a creación de empresas no concello por parte dos titulados universitarios do campus de Lugo.

UN CONCELLO SOSTIBLE: INFRAESTRUTURAS, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL, MOBILIDADE E URBANISMO, VIVENDA E MEDIO AMBIENTE

21. Impulsar a aplicación da Axenda 21 en todos os seus ámbitos.
22. No desenvolvemento do PXOM, da parte xa aprobada pola Xunta, promover un urbanismo adaptado ás esixencias de calidade e sostible baseado en:
 - a) No desenvolvemento dos polígonos de actuación do solo urbano non consolidado, tanto de iniciativa pública como privada, velar porque os barrios (tanto os de nova creación como os actuais) melloren as súas dotacións públicas, evitando que as parcelas con uso dotacional ou libres carezan dunha ubicación adecuada para o seu aproveitamento futuro.
 - b) Do mesmo xeito velar para que as zonas verdes teñan continuidade entre si, establecendo cando sexa preciso os contactos necesarios coa propiedade para dotar a Lugo e aos seus barrios de zonas de esparcemento adecuadas á nosa climatoloxía e con menores custes

de mantemento, que redunden en espazos máis axeitados para o goce da poboación infantil e adulta.

- c) En canto ao desenvolvemento dos urbanizábeis e das áreas de expansión da zona rural, o obxectivo será dotar ás parroquias das infraestruturas básicas, deseñando modelos de desenvolvemento acordos coas necesidades reais da poboación residente actual e futura. A urbanización deses terreos debe preservar escrupulosamente os valores naturais, ambientais e paisaxísticos existentes no contorno, no camiño de poñelos en valor.
- d) Velar pola efectiva protección do solo rústico, prestándolle unha especial atención á protección e posta en valor daquelas zonas catalogadas como de protección natural, paisaxística, de produción, etc., tendo en conta, entre outras, a ordenanza de medio ambiente.

23. Na parte do PXOM aínda non aprobada pola Xunta, o BNG manterá a súa liberdade de voto.

24. En canto ás construcións no Garañón (CS-5), o BNG manterá a súa postura contraria ao PERI aprobado, reservándose a súa liberdade de voto.

25. Promover mediante a empresa EVISLUSA a Política de Vivenda, impulsando as áreas de rehabilitación integral tanto no Centro histórico como nos barrios, así como as políticas de aluguer de vivendas tanto públicas como privadas.

26. A revisión urxente e inmediata do PEPRI e a creación dun Consorcio coas restantes administracións públicas e entidades privadas para axilizar e financiar as excavacións arqueolóxicas e a rehabilitación.

27. Desenvolver unha Política de Mobilidade, tendo en conta o Plan de Mobilidade, centrada en:

- a. Avanzar na peonalización progresiva do recinto histórico e incrementar progresivamente as peonalizacións nos barrios, con control estrito do cumprimento da peonalización nas áreas delimitadas.
- b. Definir arterias alternativas que desconxestionen o tráfico rodado nas zonas máis saturadas, tendo en conta as novas previsións do PXOM.
- c. Impulsar o uso da bicicleta, habilitando onde sexa posible carrís-bici, creando aparcadoiros para este vehículo en puntos de interese e fomentar o uso dos desprazamentos a pé para percorridos curtos.
- d. Definir zonas de velocidade limitada nos distintos barrios da cidade.
- e. Primar o uso dos vehículos ecolóxicos,
- f. Abordar a reforma integral do transporte público aproveitando que a actual concesión remata no ano 2013 para darlle servizo preferente aos barrios, ao Hospital e á zona universitaria e a súa extensión ás parroquias do concello.

- g. Estudar a posibilidade de crear aparcadoiros en altura en barrios saturados E aparcadoiros disuasorios en distintas zonas da cidade.
28. Mellorar os accesos á cidade pola Fervedeira.
 29. Impulsar o ferrocarril de proximidade que conecte Lugo con Coruña, Santiago e Ourense, e outras vilas da Provincia.
 30. Estudar as alternativas ao tráfico logo da apertura da nova ponte na perspectiva de non afectar ao Parque Marcos Cela.
 31. Impulsar, en colaboración coa Xunta de Galicia, o desenvolvemento dun plan cuadrienal de arranxo das infraestruturas do polígono do Ceao e de posta en valor do mesmo.
 32. Solicitar á Xunta de Galicia o cumprimento do Plan Paradai e a axilización do proxecto da continuidade da Ronda Leste ata a Tolda.
 33. Desenvolver, xunto coa Deputación Provincial de Lugo, o Plan Director do Miño para a recuperación ambiental e social deste río mediante a construción dunha zona de baño pública e unha Aula de Interpretación do Río Miño nas instalacións da antiga potabilizadora.
 34. Establecer un novo convenio coa CMATIC para ampliar a rede pública de abastecemento de auga na zona rural e ir incrementando progresivamente o saneamento das parroquias mediante tecnoloxías sostibles e economicamente viables, dotándonos dos orzamentos precisos de carácter plurianual.
 35. Abordar a mellora progresiva da xestión de residuos, apostando pola separación en orixe e a reciclaxe. Establecer os contactos e negociacións precisos para a posta en marcha dunha planta de compostaxe de carácter supramunicipal.
 36. Desenvolver un plan de mellora de servizos, infraestruturas e dotacións dos distintos barrios da cidade.
 37. Continuar coa modernización do ciclo da auga contemplando a creación dunha empresa municipal mixta.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

38. A normalización da lingua galega será un obxectivo preferente, transversal e central do Goberno Municipal, procurándoa de xeito activo, dinámico, participativo e integrador.
39. A política de normalización social da lingua terá carácter transversal, o que significa que non só se desenvolverán accións normalizadoras dirixidas a todos os ámbitos, senón que se procurará o incremento do uso e prestixio da lingua galega con todas as accións desenvolvidas desde os diferentes sectores

(promoción económica, urbanismo, cultura, ensino, mocidade, contratacións, subvencións).

40. Neste camiño efectivizarase o reforzo do servizo de normalización lingüística dotándoo de medios materiais, humanos e económicos. Este departamento técnico será o encargado de planificar, xestionar, desenvolver e avaliar as accións de cara ao incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos, e tamén participará no deseño de todo tipo de accións que se desenvolvan desde as diferentes áreas do concello para determinar nelas obxectivos e medidas normalizadoras.
41. No prego de cláusulas de contratos do Concello, terase en conta a aplicación da Lei de Normalización Lingüística en canto aos servizos prestados polas empresas.
42. Impulsarase a creación dun Consello Social da Lingua no que se impliquen os distintos colectivos, entidades e persoas interesadas no deseño e aplicación da política de normalización da lingua galega e no que se definan conxuntamente obxectivos, liñas de actuación e accións concretas.
43. O galego será a lingua de uso normal en toda a documentación administrativa, rotulación, publicidade, comunicación, información, sinalización, programas informáticos, así como na atención ao público, tanto oral coma escrita, en todos os servizos municipais.
44. Desde o goberno municipal implementaranse as medidas necesarias tendentes a aumentar o prestixio e uso social da lingua galega en todos os ámbitos e sectores sociais.

CULTURA

45. Posta en marcha do Consello Municipal de Cultura, que contará cun Regulamento e no que estarán representadas todas as asociacións que se desenvolvan neste ámbito. Terá como fin coordinar as actividades culturais no concello mediante fórmulas que lle dean resposta ao aumento da actividade e da infraestrutura cultural.
46. Creación da Escola Municipal de música, vinculada á Banda municipal. Promoverá a súa interrelación cos Conservatorios de Danza e Música da cidade así como da Tradescola.
47. Potenciación do San Froilán como festa popular da cidade de Lugo, con presenza activa da tradición cultural galega e lucense.
48. Impulso do Arde Lucus para que cumpra dúas finalidades claras: promoción da cidade e achegamento aos lucenses e visitantes á historia da romanización.
49. Impulsar a transformación de Frigsa na maior área cultural e deportiva do concello, trasladando os servizos municipais que actualmente ocupan estes espazos e estudando a posibilidade de converter algunha delas nunha zona de

ocio. Tras a apertura do novo Auditorio reformulación dos usos culturais do Gustavo Freire.

50. Posta en valor de todas as infraestruturas museísticas de carácter municipal, mellorando o seu estado e as súas prestacións. Estudar a posibilidade de ubicar o Museo de Arte Contemporáneo Lucense na actual sala de exposicións Portamiñá.
51. Abordarase a máxima optimización do Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), do Vello cárcere e das restantes infraestruturas culturais, para contar con espazos expositivos adecuados para todas as creacións artísticas da cidade (pintura, escultura, cerámica, fotografía,...).
52. Así mesmo, Lugo ten que ser un gran centro nacional da romanización. O Goberno Municipal defenderá que o futuro Museo da Romanización de Lugo (Centro de Interpretación do Mundo Romano) no Cuartel de San Fernando sexa un proxecto de ámbito galego no que teña cabida o mundo Romano de Galicia, e que non sufra novas demoras.
53. En canto ao novo Auditorio, velar polo cumprimento dos prazos e pola adaptación do proxecto ás necesidades reais de Lugo en materia cultural.
54. Cumprimento da Lei de Memoria Histórica.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

55. Elaboración dun novo Regulamento de Participación Cidadá consensuado co movemento asociativo e veciñal, que incida no fomento da participación.
56. Promover a aplicación progresiva de Orzamentos Participativos.
57. O goberno municipal promoverá a participación veciñal mediante a creación dos Consellos Parroquiais como representación dos veciños e veciñas da zona rural.
58. Incluírse no novo Regulamento de Participación Cidadá as bases de funcionamento destes Consellos así como das figuras dos pedáneos.
59. Seguir coa mellora das escolas rurais para destinalas a locais sociais das parroquias.

DEPORTE

60. O Concello promoverá a creación dun Complexo deportivo público en San Fiz, na parcela municipal de uso deportivo, buscando para logralo a colaboración doutras administracións. Así mesmo, procurarase a colaboración doutras administracións para a construción dunha nova piscina no concello que palíe a demanda existente na actualidade.

61. O Goberno Municipal buscará a colaboración da Xunta de Galicia para a mellora das instalacións deportivas dos colexios e o seu uso fóra do horario lectivo.
62. Dado o gran número de siareiros que ten o atletismo en Lugo, organizar unha media maratón na cidade que sirva para incluír a Lugo no circuito destas carreiras a nivel do Estado.

PERSOAL

63. Aplicación dunha nova RPT logo de consensuala na Mesa Xeral de Negociación.
64. Posta en marcha de maneira consensuada da Reestruturación da Policía Local, promovendo a súa formación, para garantir unha maior seguridade e cercanía aos cidadáns.

Lugo, 23 de xuño de 2011

Asdo.- José Clemente López Orozco

PsdeG-PSOE

Asdo.- Xosé Antón Bao Abelleira

BNG